INFORME SOBRE A PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Antecedentes

Único. Tramitación da modificación de RPT

Esta Dirección Xeral da Función Pública, o 7.11.2023, recibe da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Facenda e Administración Pública solicitude de informe para a tramitación da proposta de modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Xunto coa solicitude achegan a seguinte documentación:

- Memorias xustificativa e económica
- Listaxes de equivalencias dos postos
- Información indicativa conforme a proposta foi estudada con representantes das organizacións sindicais o 27.10.2023. Posteriormente achegan a acta de negociación

Non consta no expediente o informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, preceptivo de conformidade co disposto no artigo 25.2.C.b) do *Decreto 113/2022, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública* (DOG núm. 120, do 23/06/2022).

Unha vez analizada a documentación, e de conformidade co establecido no artigo 24.2.o) do *Decreto 113/2022, do 16 de xuño,*, esta Dirección Xeral da Función Pública emite o seguinte,

INFORME

Primeiro. Estrutura orgánica da Xunta de Galicia

O Decreto O 59/2023, do 14 de xuño, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 113, do 15 de xuño) tendo en conta os criterios de eficacia e economía que deben inspirar a actuación e a organización administrativa. Este decreto establece que a Xunta de Galicia estará integrada polas seguintes vicepresidencias e consellerías:

- Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
- Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
- Consellería de Facenda e Administración Pública
- Consellería de Infraestruturas e Mobilidade
- Consellería de Economía, Industria e Innovación
- Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Dirección Xeral de Función Pública
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.funcion.publica@xunta.gal

CVE: xam3iveWegx3
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Consellería de Política Social e Xuventude
- Consellería de Sanidade
- Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade
- Consellería do Medio Rural
- Consellería do Mar

Segundo. Estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia

O Decreto 79/2023, do 22 de xuño, fixou a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 119, do 23 de xuño).

Este decreto, no seu artigo 3, estabrece que a **Consellería de Facenda e Administración Pública** estrutúrase nos seguintes órganos de dirección:

1. Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio.
2. Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.
3. Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.
4. Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro.
5. Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos.
6. Dirección Xeral da Función Pública.
7. Dirección Xeral de Simplificación Administrativa.

b) Quedan adscritos a esta consellería:

1. O organismo autónomo Instituto Galego de Estatística.
2. O organismo autónomo Escola Galega de Administración Pública.
3. A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.
4. A Axencia Tributaria de Galicia.
5. O Consello Económico e Social, ente institucional de dereito público, órgano consultivo, creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño.
6. O Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia, creado pola disposición derradeira segunda da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.

Terceiro. Actual decreto de estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública

O *Decreto 113/2022, do 16 de xuño, estableciu a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública (Dog nº 120, do 23 de xuño)*

Cuarto. Obxecto do informe

O obxecto do presente informe é a *proposta de modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Facenda e Administración Pública* consistente maiormente na modificación do corpo/escala aos que están abertos varios postos. Esta modificación responde, segundo recollen na memoria funcional, á finalidade de adecuar a configuración dos postos de traballo ás funcións que teñen encomendadas, o que ademais posibilitará o acceso aos postos referidos a un maior número de persoal funcionario que reúna as condicións administrativas e o perfil axeitado para o desenvolvemento das funcións descritas no decreto de estrutura orgánica vixente.

Dirección Xeral de Función Pública
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.funcion.publica@xunta.gal

CVE: xam3iveWegx3
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Os postos afectados respecto da estrutura actualmente en vigor, figuran recollidos na táboa de equivalencias **anexa** a este informe.

Quinto. Modificacións

A presente proposta recolle a modificación dos seguintes postos:

UNIDADE ADMINISTRATIVA	DENOMINACIÓN CÓDIGO DE POSTO	ESCALAS ANTERIORES	NOVAS ESCALAS
Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio	Vicesecretaría Xeral FC.C02.00.001.15770.001	Xeral	Xeral / **Xeral (escala superior de finanzas) / Especial**
Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio	Subdirección Xeral do Patrimonio FC.C02.00.002.15770.001	Xeral **2062 (lcdo/a en dereito)**	Xeral **/ Xeral (escala superior de finanzas) / Especial**
Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio	Subdirección Xeral de Estudos FC.C02.00.006.15770.001	Xeral**/Estatutario Sergas**/ Xeral (escala superior de estatística) / Xeral (escala superior de Sistemas e Tecnoloxía da Información)	Xeral / Xeral (escala superior de estatística) / Xeral (escala superior de Sistemas e Tecnoloxía da Información) / **Especial**
Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos	Subdirección Xeral de Inspección e Control dos Fondos Europeos FC.C06.00.004.15770.001	Xeral/ Xeral (escala superior de finanzas)	Xeral / Xeral (escala superior de finanzas) / **Especial**
Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos	Subdirección Xeral de Coordinación e Seguimento dos Fondos NextGenerationEU FC.C06.00.005.15770.001	Xeral/ Xeral (escala superior de finanzas)	Xeral / Xeral (escala superior de finanzas) / **Especial**

Conclusión

De conformidade co exposto, e consideradas as xustificacións organizativas e funcionais contidas na proposta, esta dirección xeral, **INFORMA FAVORABLEMENTE** á proposta de modificación da relación de postos de traballo da ***Consellería de Facenda e Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia*** , procedendo a sometela ao preceptivo informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

Incorpórase a este informe o anexo da RPT.

O director xeral da Función Pública. José María Barreiro Díaz

Asinado por: BARREIRO DIAZ, JOSE MARIA
Cargo: Director xeral da Función Pública
Data e hora: 16/11/2023 13:21:08

CVE: xam3iveWegx3
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Función Pública
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.funcion.publica@xunta.gal